

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**10956** *Real decreto 901/2010, do 9 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1589/2009, do 16 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a implantación de sistemas de aseguramento para a mellora integral da calidade do leite cru producido e recollido nas explotacións, e a súa certificación externa.*

O Real decreto 1589/2009, do 16 de outubro, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a implantación de sistemas de aseguramento para a mellora integral da calidade do leite cru producido e recollido nas explotacións e a súa certificación externa.

O citado real decreto establece dous tipos de subvencións para a mellora integral da calidade do leite no ámbito das explotacións gandeiras, conforme os criterios da normativa comunitaria de hixiene que entrou en vigor en 2006. En particular, no ámbito da produción leiteira, o Regulamento (CE) n.º 852/2004, do Parlamento e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, que incide na importancia do fomento, desde as administracións públicas, do uso de prácticas hixiénicas apropiadas nas explotacións gandeiras a través da implantación de guías nacionais ou comunitarias de prácticas correctas de hixiene.

Nunha primeira liña de subvencións supeditábase a percepción das axudas á mellora integral da calidade do leite desde a explotación, mediante a implantación da guía de prácticas correctas de hixiene, proceso que require o asesoramento dun equipo técnico.

A segunda liña de axudas insta a posibilidade para o sector produtor lácteo de avanzar na calidade da produción, dando un valor engadido e diferenciador ao leite, que permita mellorar a competitividade do produto de maneira sustentable, mediante a certificación externa da guía de prácticas correctas de hixiene.

Nesta liña de axuda establécese a obriga de incluír un proceso de asesoramento técnico máis complexo, que permita executar e controlar a implantación da guía de prácticas correctas de hixiene. Esta condición será previa ao acceso á obtención do certificado de conformidade emitido pola entidade de certificación.

Non obstante, e dado que as guías de prácticas correctas foron elaboradas en España polo sector implicado, no momento da entrada en vigor da mencionada normativa europea de hixiene certos destinatarios potenciais destas axudas xa comezaran a súa implantación e se encontraban en disposición de entrar na fase de certificación sen necesidade dunha primeira fase de asesoramento técnico.

Esta circunstancia aconsella modificar o Real decreto 1589/2009, do 16 de outubro, para apoiar aqueles produtores que xa apostaron por avanzar na calidade da produción leiteira, introducindo unha nova disposición transitoria que permita aos destinatarios que xa teñen implantadas as guías nas súas explotacións acollerse a programas de certificación externa que estean en condicións de certificar o cumprimento das ditas guías.

Deste modo, poderíanse subvencionar os custos de certificación desde o primeiro ano de aplicación dos programas correspondentes evitando, ademais, que aqueles organismos independentes de control que estean en disposición de obter a autorización e a acreditación nun prazo inferior ao establecido no Real decreto 1589/2009, do 16 de outubro, se poidan ver prexudicados.

Por outra parte, advertidos erros no Real decreto 1589/2009, do 16 de outubro, procede modificar certos artigos e clarificar e simplificar algún aspecto para favorecer o desenvolvemento e a implantación dos programas de certificación externa.

En primeiro lugar, cómpre modificar unha referencia errónea no artigo 5 e adecuar á realidade os custos subvencionables para cada ano de desenvolvemento do programa de certificación externa no artigo 9.

En segundo lugar, é conveniente aclarar que o contrato coa entidade de certificación, así como a fotocopia do anexo técnico emitido pola ENAC que acredita o alcance e duración da certificación obtida pola entidade independente de control, se deberán presentar unha vez que finalice a fase previa de asesoramento técnico e comece a posterior de certificación, e non no momento de presentación de solicitudes.

Na práctica, os citados contratos formalízanse unha vez iniciada a fase de certificación e, ata entón, a entidade beneficiaria e a entidade de certificación terán alcanzando un precontrato. Do mesmo modo, e dado que a entidade independente de control pode non estar acreditada no momento da solicitude, e lóxico e conveniente adiar a presentación do anexo técnico emitido pola ENAC.

Estas consideracións fan necesaria unha modificación que poida ser aplicada desde o ano 2010, outorgándose un período transitorio para que os beneficiarios que así o desexen poidan desistir da solicitude inicial e presentar unha nova ao abeiro do novo réxime.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xullo de 2010,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1589/2009, do 16 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a implantación de sistemas de aseguramento para a mellora integral da calidade do leite cru producido e recollido nas explotacións.*

O Real decreto 1589/2009, do 16 de outubro, queda modificado como segue:

Un. A alínea b) do artigo 5.3 queda redactada como segue:

«b) O 70 por cento dos custos subvencionables descritos no artigo 9.»

Dous. Suprímese a alínea c) do artigo 5.5.

Tres. O número 2 do artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«2. Durante os dous primeiros anos desde a presentación da solicitude da axuda subvencionarase ata o 70 por cento dos gastos incluídos no artigo 7. Durante os tres anos seguintes subvencionarase ata o 25 por cento dos gastos do número anterior e ata o 70 por cento dos gastos incluídos no artigo 7.»

Catro. Engádesse un novo parágrafo no artigo 12.

«A documentación recollida nas alíneas a), c) e d) deste artigo deberase presentar unha vez que finalice a fase previa de asesoramento técnico conforme o artigo 8.1 e comece a fase posterior de certificación. Non obstante, no caso da alínea a) será necesario presentar un precontrato coa entidade de certificación que avale o compromiso de que os traballos de asesoramento van encamiñados á certificación externa.»

Cinco. A disposición transitoria única pasa a ser disposición transitoria primeira.

Seis. Inclúese unha disposición transitoria segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda. *Exención da fase de asesoramento técnico para certos programas da certificación externa do cumprimento da guía de prácticas correcta.*

Aqueles destinatarios destas subvencións que xa tivesen implantadas nas súas explotacións as guías de prácticas correctas de hixiene poderanse acoller a un programa de certificación externa que non inclúa unha fase previa de asesoramento técnico.

Para iso, será imprescindible que o beneficiario do mencionado programa estea en condicións de implantar a certificación desde este primeiro ano de aplicación do programa e de solicitude da subvención.

Neste caso, desde o primeiro ano de aplicación do programa, subvencionarase ata o 25 por cento dos gastos do número 1 do artigo 9 e ata o 70 por cento dos gastos incluídos no artigo 7, sendo cinco anos o período máximo durante o cal unha mesma entidade poderá obter subvencións para un programa determinado, conforme o número 5.b) do artigo 5 deste real decreto.»

**Disposición transitoria única. *Desistencia.***

Os solicitantes destas axudas que presentasen a súa solicitude para os programas de certificación externa con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto disporán dun prazo dun mes, contado desde a súa entrada en vigor, para, se así o desexan, desistir da solicitude inicial e presentar unha nova solicitude. En caso de que fose colectiva, esta desistencia deberá ser realizada por escrito por todos os titulares de explotación acollidos ao programa correspondente á solicitude inicial.

**Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.***

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xullo de 2010

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ELENA ESPINOSA MANGANA